

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

TÍTULO I

PRINCIPIOS XERAIS

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, DOMICILIO SOCIAL E FINALIDADE

Artigo 1º.- 1.- A Federación Galega de Baloncesto (en adiante F.G.B.) é unha entidade de dereito privado, de utilidade pública e de interese público e social que reúne xogadores, adestradores, árbitros, así como clubs, asociacións, agrupacións e a totalidade de entidades adicadas á práctica do baloncesto no territorio galego.

2.- A F.G.B. poderá agruparse con outras Federacións Deportivas para a defensa e cooperación na consecución dos seus intereses comúns.

3.- A denominación Federación Galega de Baloncesto queda reservada, a todo os efectos, á entidade regulada nos presentes Estatutos.

Artigo 2º.- A F.G.B. ten plena personalidade xurídica, propia e absoluta, capacidade de obrar para a consecución dos seus fins, sen ánimo de lucro e de acordo co a Lei Orgánica 1/1981 de 6 de Abril que aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei 3/2012 de 2 de Abril Do Deporte de Galicia, publicada no DOGA o 13 de Abril de 2012, con entrada en vigor o 14 de Abril de 2012, consorte as Normas Complementarias que a desenvolvan cos Estatutos da Federación Española de Baloncesto, e cos presentes Estatutos, Regulamentos e Disposicións que no desenvolvemento cotián se acorden na Asemblea e noutros Órganos de Goberno competentes para o efecto da F.G.B.

Artigo 3º.- A Federación Galega de Baloncesto ten o seu domicilio en Santiago de Compostela, Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 14.

Artigo 4º.- A Federación Galega de Baloncesto ten como obxecto ordenar, dirixir e planificar todas as actividades do baloncesto en Galicia, en coordinación co organismo competente da Xunta de Galicia, e formar parte da Federación Española de Baloncesto, en coordinación cos estatutos da Federación Española

de Baloncesto e as disposicións que traten das actividades de ámbito español e da FIBA no ámbito internacional.

Artigo 5º.- Son competencias da F.G.B.:

- a) Promover o desenvolvemento e a práctica do baloncesto, regulamentar e coordinar o aspecto técnico e organizar os campionatos e competicións da súa xurisdición.
- b) Regular o réxime xurídico e disciplinario dos clubs, asociacións, agrupacións, comités e a totalidade das entidades, xogadores, adestradores, árbitros, oficiais de mesa, técnicos arbitrais, directivos e, en fin, de todas aquelas persoas que dalgún xeito interveñan na organización e práctica do baloncesto, cumprindo sempre as disposicións vixentes sobre estes casos.
- c) Formar e cualificar persoal técnico e deportivo especializado.
- d) Coordinar as funcións e competencias das delegacións.
- e) Regular o seu réxime disciplinario e velar polo seu cumprimento.
- f) Asignar, controlar e fiscalizar as axudas e subvencións ós seus afiliados.
- g) Exercer o goberno, administración, xestión, organización, desenvolvemento e promoción do deporte do baloncesto en todo o territorio da Comunidade Galega, así como todas as outras funcións públicas, administrativas e de colaboración que por delegación lle sexan asignadas.
- h) Representar á Comunidade Galega nas actividades e competicións deportivas oficiais de baloncesto nos ámbitos autonómico e estatal.
- i) Ostentar a representación única e exclusiva da Federación Española de Baloncesto en Galicia
- j) Colaborar co Organismo de Xunta de Galicia que teña atribuídas competencias sobre o deporte na elaboración da relación dos deportistas de elite da Comunidade. Así como coa Administración Autonómica e a Federación Española de Baloncesto na prevención, control e represión do uso de sustancias prohibidas e métodos non regulamentarios.
- k) Expedir as licenzas federativas da súa modalidade deportiva.
- l) Establecer o destino e a asignación dos recursos económicos propios, xestionar os recursos que lles transfiran outras entidades para o desenrolo da súa actividade, e controlar a correcta aplicación de todo os seus recursos.
- m) Realizar calquera outra actividade non contemplada neste artigo, incluíndo as derivadas de explotacións económicas someténdose, neste caso, ó disposto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, e demais lexislación aplicable.

Artigo 6º.- No ámbito internacional, a Federación Galega de Baloncesto participará en competicións de acordo co que establezan as disposicións vixentes.

CAPÍTULO II

REQUISITOS PARA SER MEMBRO DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO ESTATUTO, DEREITOS E DEBERES DOS SEUS AFILIADOS

Artigo 7º.- A licenza federativa é o documento perante o que se formaliza a relación de especial suxeición entre a F.G.B. e a persoa ou entidade de que se trate. Con ela acredítase documentalmente a afiliación, servindo de título acreditativo para o exercicio dos dereitos e deberes recoñecidos polos presentes estatutos ós membros da F.G.B.

Artigo 8º.- A F.G.B. determinará as condicións económicas e procedementais exixibles para a tramitación e expedición das licenzas federativas.

Artigo 9º.- A expedición e renovación das licenzas efectuarase no prazo dun mes dende a súa solicitude. No caso de producirse a denegación, esta deberá ser motivada polo órgano competente, o Secretario Xeral da F.G.B.

Artigo 10º.- A licenza federativa deberá expresar cando menos:

- a) Os datos da persoa física ou entidade federada
- b) O importe dos dereitos federativos, baseados no principio de uniformidade
- c) O importe das coberturas de risco e sanitarias
- d) O período de vixencia

Artigo 11º.- O afiliado á F.G.B. perderá a licenza federativa polas seguintes causas:

- a) Por vontade expresa do federado
- b) Por sanción disciplinaria
- c) Por falta de pago das cotas establecidas, previa advertencia ó afiliado con notificación fidedigno, concedéndolle un prazo de 10 días para a liquidación do débito
- d) Por incumprimento de calquera outra causa establecida nas obrigas dos afiliados

SECCION PRIMEIRA CLUBS

Artigo 12º.- Son clubs de baloncesto as asociacións con personalidade xurídica e capacidade de obrar que teñan por obxecto o fomento e a práctica do baloncesto e, estean afiliados á F.G.B., e inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas da Comunidade Galega.

Para afiliarse á F.G.B. o club ou entidade deberá solicitalo por escrito acompañando unha copia dos seus estatutos. Tamén deberán afiliarse á F.G.B. as asociacións de clubs que poidan crearse e sempre como trámite previo para a asunción de competencias expresamente delegadas pola F.G.B. Os acordos tomados polas asociacións en uso da dita delegación deberán ser notificados á F.G.B. dentro do prazo dos 10 días seguintes á data da súa adopción.

Todos os clubs e entidades afiliadas á F.G.B. estarán sometidos ás normas e disposicións emanadas desta; contribuirán ao cumprimento das distintas finalidades dunha forma harmónica e activa, baixo os principios democráticos dos presentes estatutos, e participarán en distintas actividades.

Artigo 13º.- Son dereitos dos clubs os seguintes:

- a) Intervir na elección dos órganos de goberno e representación da F.G.B. e ser elixidos para os mesmos. Así como estarán representados na Asemblea Xeral da F.G.B, con dereito a voz e voto.
- b) Participar cos seus equipos nas competicións oficiais que lles correspondan pola súa categoría, nos termos e observando os requisitos que establezan as bases de competición correspondentes.
- c) Concertar e participar en encontros amigables con outros clubs federados ou estranxeiros, en datas compatibles para as competicións oficiais, coa autorización previa, segundo o caso, da F.G.B., da Federación Española de Baloncesto, organismo competente da Xunta de Galicia e, incluso se fose necesario, do Ministerio de Asuntos Exteriores.
- d) Asistir e intervir nas reunións dos órganos federativos que lles correspondan conforme ás normas vixentes.
- e) Optar ás axudas económicas que estableza a F.G.B. para os clubs, na medida e ocasión que determinen as correspondentes normas.
- f) Asociarse para o cumprimento dos seus fins.
- g) Fusionarse cos requisitos que regulamentariamente poidan establecerse no desenvolvemento dos presentes estatutos.
- h) Todos os demais que a F.G.B. estableza en cada caso.

Artigo 14º.- Son obrigas dos clubs as seguintes:

- a) Participar cos seus equipos nas competicións oficiais que lles correspondan pola súa categoría, nos termos e observando os
- b) requisitos que regulamentariamente se determinen, así como os que estableza a F.G.B.; deberán fixar a súa cancha oficial de xogo no ámbito territorial de Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Cumpriren os estatutos, regulamentos, calendarios de encontros e demais normas da F.G.B., así como os seus propios estatutos.
- d) Poñer a disposición da F.G.B. os seus campos de xogo cando lle sexan precisos a dito organismo.
- e) Contribuír ó sostemento económico de F.G.B., na medida que lles correspondan, aboando as correspondentes cotas, dereitos e compensacións económicas que se determinen.
- f) Aboar os dereitos de arbitraje que segundo as normas federativas lles correspondan, así como liquidar dentro de cada temporada as débedas contraídas coa federación galega, cos seus xogadores, ou técnicos, e con outros clubs no transcurso da competición.
- g) Manter a disciplina deportiva evitando situacións de violencia ou animosidade con outros membros ou estamentos do baloncesto.
- h) Cubrir, atender e contestar coa meirande dilixencia as comunicacións que reciban dos organismos federativos así como auxiliar a estes mediante a facilitación de cantos datos precisen.
- i) Non impedir e facilitar a asistencia dos seus xogadores e técnicos ás seleccións autonómicas e ás actividades federativas de perfeccionamento técnico.
- j) Coidar da máis perfecta formación deportiva dos seus xogadores, proporcionándolles os medios precisos e garantindo a súa efectiva e plena actividade deportiva.
- k) Dispor para os encontros oficiais dunha cancha de xogo que cumpra os requisitos regulamentarios.
- l) Contar cun adestrador oficialmente titulado para cada un dos equipos que teñan.
- m) Recoñecer para todos os efectos as tarxetas de identidade expedidas pola F.G.B.
- n) Facilitarlles a entrada gratuíta nas súas instalacións deportivas ós membros do equipo contrario en posesión da correspondente licenza federativa.

- o) Comunicarlle á F.G.B. as modificacións estatutarias, o nomeamento ou cesamento de directivos ou administradores e os acordos de fusión, escisión ou disolución nos prazos establecidos.
- p) Presentar a documentación e demais requisitos que sexan necesarios para formalizar a inscrición de cada equipo, segundo o establecido nas normas específicas para as competicións da F.G.B.
- q) Obrigación de abonar os dereitos económicos derivados da subscrición do seguro obrigatorio, segundo o R.D. 849/1993 de 4 de xuño.
- r) Respetar o calendario de encontros aprobados pola F.G.B.
- s) A sede do club deberá atoparse domiciliada na comunidade autónoma galega.

Artigo 15º.- Regulamentariamente, en desenvolvemento dos presentes estatutos, determinarase o modo e forma en que se exercitarán e cumpriran os dereitos e deberes que quedan relacionados, así como no tocante á clasificación dos clubs por categorías, cambios de residencia destes, fusionés ou baixas.

SECCIÓN SEGUNDA XOGADORES

Artigo 16º.- Para efectos dos presentes Estatutos, son xogadores aquelas persoas naturais que practican o baloncesto nun club afiliado á F.G.B. e subscriben licenza regulamentaria. Coa sinatura da mencionada licenza queda vinculado ó club e suxeito á disciplina da Federación, quedando toda a organización desta última ó seu servizo.

Os xogadores contribuirán ó cumprimento das distintas finalidades dunha maneira activa e harmónica sobre os principios democráticos dos presentes estatutos, e participarán nas distintas actividades.

Artigo 17º.- Para poder subscribir unha licenza como xogador deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán da Unión Europea.
- b) Non ter compromiso vixente con ningún outro club.
- c) Ter condición de afeccionado, segundo o establecido pola FEB.

d) A condición de ser cidadán da Unión poderá ser dispensada pola F.G.B., con carácter excepcional, de forma permanente ou temporal, nos seguintes casos:

- Cando un xogador teña que actuar en competicións amigables.
- Cando un xogador só vaia actuar en competicións internacionais de clubs, para as que a regulamentación FIBA admite a súa inscrición.
- Cando o xogador vaia actuar en competicións organizadas pola F.E.B., nas que esta federación teña dispensada expresamente esta condición.
- Estea residindo legalmente en España.

Artigo 18º.- O xogador ten os seguintes dereitos:

- a) Liberdade para subscribir licenza, respectando os dereitos adquiridos.
- b) Participar en cantas probas, cursos, fases de preparación, seleccións ou outro tipo de concentración nas que sexa convocado pola F.G.B.
- c) Participar nas eleccións ós órganos de goberno e representación da F.G.B. e ser elixidos para os mesmos. Así como estaren representados na Asemblea Xeral da F.G.B, con dereito a voz e voto
- d) Ser recoñecido medicamente polo seu club, de acordo coas directrices determinadas pola F.G.B., e por esta unicamente cando se trate de selección ou concentracións organizadas por ela.
- e) Ser adestrado por técnico titulado.
- f) Consideración á súa actividade deportiva.
- g) Recibir material deportivo para a práctica do baloncesto.
- h) Recibir atención sanitaria gratuíta e axeitada no caso de lesión deportiva, ben por atención directa do seu club ou a través de concertos, voluntarios ou obrigatorios cunha entidade pública ou privada, todo isto conforme o establecido no R.D. 849/1993.
- i) Participar nas sesións de adestramento e nos encontros de seu equipo, agás decisión disciplinaria.

Artigo 19º.- O xogador ten as seguintes obrigas:

- a) Someterse á disciplina do seu club, sempre e cando esta se axuste ó disposto no ordenamento xurídico, e participar nos adestramentos e encontros do seu equipo.

- b) Non intervir en actividades deportivas con equipo distinto do seu sen autorización do club.
- c) Utilizar, coidar e cando sexa requirido para tal fin, devolver o material deportivo que o club lle tivese entregado para tal fin.
- d) Asistir ás probas e cursos ós que sexa convocado pola F.G.B.
- e) Participar nas seleccións galegas, cando sexa requirido.
- f) Someterse ós controis antidopaxe durante as competicións ou fóra delas, a requirimento de calquera Organismo con competencia para elo.

Artigo 20º.- Así mesmo, os xogadores de baloncesto poderán asociarse para a defensa dos seus intereses relacionados co baloncesto, nos termos que establece, ou poida establecer, a normativa vixente.

Tales asociacións poderán exercer por delegación competencias da F.G.B., para a cal deberán afiliarse a esta. Os acordos tomados polas asociacións no uso da dita delegación, deberán ser notificados á F.G.B. dentro do prazo de dez días seguintes á data da súa adopción.

Artigo 21º.- Regulamentariamente, no desenvolvemento dos presentes estatutos, determinarase o xeito e a forma en que se exercitarán e cumprirán os dereitos e deberes que quedan relacionados, así como as materias atinentes á relación entre clubs e xogadores, categorías destes, licenzas, categorías, baixas e cambios.

SECCIÓN TERCEIRA ADESTRADORES

Artigo 22º.- Son adestradores as persoas naturais con título recoñecido pola F.G.B, dedicadas ó ensino, preparación e dirección técnica do baloncesto, tanto a nivel de clubs como da propia Federación.

Os títulos de adestrador serán expedidos polo organismo competente. Todos os adestradores inscritos estarán sometidos ás normas e disposicións da F.G.B.; contribuirán ó cumprimento das distintas finalidades dunha maneira activa e harmónica sobre os principios democráticos dos presentes estatutos: e participarán nas distintas actividades.

Artigo 23º.- Para actuar á fronte dun equipo, o adestrador, ademais de ter o título correspondente, deberá estar en posesión de licenza anual expedida pola

F.G.B. A titulación outorgarase pola F.G.B. en colaboración coas entidades competentes e pola F.E.B. cando a competición o requira.

Artigo 24º.- O adestrador ten os seguintes dereitos:

- a) Liberdade para subscribir licenza, de acordo cas normas establecidas e con respecto ós dereitos adquiridos.
- b) Asistir ás probas e cursos de preparación ós que sexa convocado pola F.G.B., sen prexuízo das obrigas para co seu club.
- c) Recibir as prestacións médicas nos casos de cobertura previstos.
- d) Recibir o material deportivo preciso para a súa actividade.
- e) O cumprimento das estipulacións pactadas co seu club.
- f) Participar na elección de órganos de goberno e representación de F.G.B. e ser elixidos para os mesmos. Así como estar representados na Asemblea Xeral da F.G.B, con dereito a voz e voto

Artigo 25º.- O adestrador ten as seguintes obrigas:

- a) Someterse á disciplina das entidades deportivas ás que se atope vinculado por licenza.
- b) Non intervir en actividades deportivas con equipo distinto ó seu, sen autorización do club.
- c) Empregar, coidar e cando sexa necesario devolver o material deportivo que o club lle teña facilitado.
- d) Asistir ás probas e cursos ós que sexa convocado pola F.G.B

Artigo 26º.- Os adestradores de baloncesto poderán asociarse para a defensa dos seus intereses relacionados co baloncesto nos termos que establece, ou poida establecer, a normativa vixente.

Tales asociacións poderán exercer por delegación competencias da F.G.B., para o cal deberán afiliarse á esta. Os acordos tomados polas asociacións no uso da dita delegación, deberán ser notificados á F.G.B. dentro do prazo de dez días seguintes á data da súa adopción.

Artigo 27º.- Regulamentariamente, no desenvolvemento dos presentes Estatutos, determinarase o xeito e a forma en que se exercitarán e cumprirán os dereitos e deberes que quedan relacionados, así como as materias atinentes a categorías, titulacións, licenzas, cambios, altas e baixas.

SECCION CUARTA

ARBITROS, OFICIAIS DE MESA E TECNICOS ARBITRAIS

Artigo 28º.- Son árbitros as persoas naturais que, tendo subscrita a correspondente licenza federativa, coidan do cumprimento da regras oficiais de xogo e demais normas de aplicación nos encontros, asimesmo posúen a máxima autoridade dentro do terreo de xogo.

Son oficiais de mesa as persoas naturais que, tendo subscrita a correspondente licenza federativa, colaboran cos árbitros no desempeño da súa función nos encontros. Son técnicos arbitrais as persoas naturais que, tendo subscrita a correspondente licenza federativa, colaboran co comité técnico de árbitros realizando informes sobre actuacións arbitrais ou calquera outra tarefa relacionada coa formación e seguimento de árbitros e oficiais de mesa.

Artigo 29º.- Para que un árbitro, oficial de mesa e técnico arbitral poidan subscribir licenza federativa deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán da Unión Europea. Este requisito poderá ser dispensado pola F.G.B. para determinados supostos.
- b) Ter máis de catorce anos, coa autorización do representante legal.
- c) Posuír título de árbitro, oficial de mesa ou técnico arbitral recoñecido pola F.G.B.

Artigo 30º.- Son dereitos dos árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais:

- a) Asistir ás probas e cursos de perfeccionamento ou divulgación ós que sexan convocados pola F.G.B.
- b) Recibir as prestacións médicas nos casos de cobertura previstos.
- c) Percibir as cantidades que se establezan nas Normas de Competición.
- d) Ser clasificado nunha das categorías establecidas pola F.G.B, a través do Comité Galego de Árbitros.
- e) Participar na elección de órganos de goberno e representación da F.G.B e ser elixidos para os mesmos. Así como estaren representados na Asemblea Xeral da F.G.B, con dereito a voz e voto

Artigo 31º.- Son obrigas dos árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais:

- a) Someterse á disciplina da F.G.B., á do Comité Galego de Árbitros e ás dos seus órganos de disciplina.
- b) Non intervir en actividades deportivas relacionadas co baloncesto sen autorización da F.G.B.
- c) Asistir ás probas e cursos ós que sexan convocados pola F.G.B.

- d) Retirar as designacións dos encontros; darse por informados destas, segundo as normas do comité galego de árbitros.
- e) Asistir e exercer as súas funcións nos encontros deportivos para os que sexan designados. Para que esta obriga quede dispensada os colexiados deberán xustificar a súa indispoñibilidade debidamente e coa antelación prevista nas normas do comité galego de árbitros.
- f) Coñecer as regras do xogo, así como regulamentos da F.G.B., os Regulamentos xerais e as normas das competicións na parte que lles afecte.
- g) Abonar a licenza federativa.

Artigo 32º.- Os árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais poderán asociarse para a defensa dos seus intereses relacionados co baloncesto nos termos que establece, ou poida establecer, a normativa vixente.

Tales asociacións poderán exercer por delegación competencias da F.G.B., para o cal deberán afiliarse á esta. Os acordos tomados polas asociacións no uso da dita delegación, deberán ser notificados á F.G.B. dentro do prazo de dez días seguintes á data da súa adopción.

Artigo 33º.- Regulamentariamente, en desenvolvemento dos presentes estatutos, determinarase o modo e a forma en que se exercitarán os dereitos e deberes que quedan relacionados, así como as materias atinentes á titulación, licenzas e clasificación por categorías.

Artigo 34º.- Todos os árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais inscritos no Comité Galego de Árbitros estarán sometidos ás normas e disposicións da F.G.B.; contribuirán ó cumprimento das distintas finalidades dunha maneira activa e harmónica sobre os principios democráticos dos presentes estatutos; e participarán nas distintas actividades.

TÍTULO II

ÁMBITO E ORGANIZACIÓN

CAPÍTULO I

ÁMBITO XURISDICCIONAL

Artigo 35º.- Estarán sometidos á disciplina da F.G.B. todos os seus directivos e empregados, os xogadores, adestradores, delegados de equipo e asimilados, delegados de campo, clubs, asociacións ou agrupacións, comités, árbitros, oficiais de mesa, técnicos arbitrais e, en xeral, toda persoa ou entidade que teña relación coa práctica do baloncesto.

Cando actúen en actividades de ámbito español ou internacional, estarán sometidos ao que determinen os estatutos, regulamentos, bases, normas e disposicións da Federación Española de Baloncesto ou da FIBA, segundo corresponda.

Artigo 36º.- Os organismos e entidades dependentes da F.G.B. rexeranse polas súas propias normas e regulamentos, subordinadas a este Estatuto e ao resto das disposicións federativas vixentes, limitando a súa total competencia ao ámbito que ten asignado.

ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Artigo 37º.- A F.G.B. ten plena xurisdición no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 38º.- A F.G.B. para o cumprimento dos seus fins de coordinación e organización, en función das necesidades deportivas, de administración e xestión, poderá organizarse territorialmente.

Artigo 39º.- Cando as circunstancias económicas, administrativas, deportivas ou de organización así o requiran, poderase suplir algunha das Delegacións, en todo caso a constitución ou supresión das mesmas adecuarase a estrutura territorial da Comunidade Autónoma, sendo esta comunicada ao Organismo da Xunta con competencias no ámbito deportivo.

Artigo 40º.- As Delegacións axustaranse ás normas ditadas póla F.G.B. a través dos órganos competentes, e directamente do seu Presidente, non ostentando personalidade xurídica propia diferenciada da F.G.B.

Artigo 41º.- Os titulares das Delegacións serán nomeados e cesados polo Presidente da F.G.B., de acordo co establecido no TÍTULO II dos presentes Estatutos.

ESTRUTURA ORGÁNICA E NORMAS XERAIS

Artigo 42º.- A estrutura orgánica da F.G.B., esta formada polos seguintes órganos:

- ÓRGANOS DE GOBERNO.

- I.- Asemblea Xeral.
- II.- Presidente.

- ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN.

- III.- Comisión Delegada.

- ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS.

- I.- Xunta Directiva
- II.- Comités de áreas.

- ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS DE ASISTENCIA AO PRESIDENTE.

- I.- Secretario Xeral.
- II.- Tesoureiro.

- ÓRGANOS TÉCNICOS E DEPORTIVOS.

- I.- Comité de Árbitros
- II.- Comité de Actividades
- III.- Comité Técnico

- XURISDICIÓN. ÓRGANOS DISCIPLINARIOS.

- I. - Comité de Competición
- II.- Comité de Apelación

Artigo 43º.- Serán órganos electivos da F.G.B. o Presidente, a Asemblea Xeral e a Comisión Delegada no ámbito das súas respectivas competencias.

Os membros dos demais órganos e comités serán designados e revocados libremente polo Presidente, coas excepcións previstas nos presentes Estatutos.

O nomeamento ou renovación dos órganos de goberno e representación dos órganos complementarios e dos comités que poidan crearse dentro da Federación deberán ser comunicados a todos os membros da Asemblea Xeral e o Organismo da Xunta con competencias no ámbito deportivo, nun prazo máximo de 15 días a partir da data de nomeamento.

Os órganos de goberno e representación reuniranse na forma e termos establecidos nestes Estatutos. Os seus acordos, agás disposición expresa en contrario, adoptaranse por maioría simple; no caso de empate o presidente terá voto de calidade. Os acordos poderán ser impugnados de conformidade co disposto na lexislación aplicable e nos presentes Estatutos.

A responsabilidade dos membros dos órganos da F.G.B. no exercicio da súas funcións será esixida no ámbito disciplinario de conformidade co disposto na Lei 3/2012 do 2 de abril, do Deporte de Galicia (artigo 62 da Lei e título VII da Xustiza Deportiva) e nos ámbitos civil e penal, de acordo coa lexislación xeral de aplicación.

Son requisitos xerais para ser membro de calquera órgano da F.G.B., os seguintes:

- a) Ter a condición de cidadán Europeo.
- b) Ser maior de idade e estar en pleno uso dos seus dereitos civís.
- c) Non estar suxeito a corrección disciplinaria de carácter deportivo que supoña inhabilitación.
- d) Non ter sido condenado mediante sentenza penal firme que levase anexa unha pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta para un cargo público.
- e) Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade establecida legal ou estatutariamente.
- f) Reunir os requisitos específicos propios de cada estamento deportivo.

CAPÍTULO II

ÓRGANOS DE GOBERNO. COMPETENCIAS A ASEMBLEA XERAL

- NATUREZA, COMPOSICIÓN, NOMEAMENTO E CESAMENTO

Artigo 44º.- A Asemblea Xeral é o órgano superior do goberno e representación da F.G.B. Os acordos que adopte validamente son vinculantes para todos os membros afiliados e adheridos.

Artigo 45º.- A Asemblea Xeral estará constituída polo presidente da Federación Galega e por representantes dos clubs, entidades deportivas, deportistas, técnicos adestradores e árbitros.

Os clubs e entidades deportivas non poderán ser membros da Asemblea Xeral se no momento da convocatoria de eleccións non figuran inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

Artigo 46º.- A Asemblea Xeral estará integrada por un número máximo de 72 membros coas proporcións que para cada Estamento se sinalen no Regulamento Electoral.

Artigo 47º.- A convocatoria de eleccións deberá indicar expresamente o número de membros da Asemblea Xeral en cada un dos seus estamentos.

Artigo 48º.- Os membros da Asemblea Xeral serán elixidos cada catro anos coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno, mediante sufraxio libre, secreto, igual e directo entre e polos compoñentes dos distintos estamentos da Federación.

As eleccións á Asemblea Xeral serán acordadas por esta, que aprobará a convocatoria con todos os requisitos que se establezan no Regulamento electoral que así mesmo se aprobe.

Logo de que a Asemblea Xeral acorde a convocatoria de eleccións, o acordo será formalmente executado polo Presidente da Federación, quen asinará esta.

Dende a convocatoria para a realización desta Asemblea Xeral, a Xunta directiva e o Presidente da Federación constituiranse en Comisión Xestora, de acordo co xa previsto nos presentes Estatutos.

Artigo 49º.- Para ser candidato a membro da Asemblea Xeral requírese o cumprimento dos requisitos establecidos con carácter xeral no artigo 43 destes Estatutos e os establecidos para ser elector e elixible que se indican tanto no regulamento electoral como nos artigos 51 a 53 dos presentes Estatutos, referentes á antigüidade.

Os requisitos para ser electores ou elixibles deberán cumprirse no día en que se publique a convocatoria de eleccións.

Artigo 50º.- As eleccións á Asemblea Xeral realizaranse para cada un dos postos correspondentes aos estamentos integrantes desta, de acordo co previsto nestes Estatutos.

Artigo 51º.- Os representantes dos clubs e das entidades deportivas na Asemblea Xeral serán elixidos de entre os representantes dos correspondentes a cada circunscrición electoral dos que integren o censo de entidades deportivas inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia, no momento da convocatoria de eleccións, que estivesen igualmente inscritos durante a tempada deportiva anterior, sempre que participasen en competicións ou actividades de carácter oficial organizadas pola F.G.B. ou pola Federación Española de Baloncesto.

Artigo 52º.- Os representantes dos deportistas na Asemblea Xeral serán elixidos entre os maiores de 18 anos correspondentes a cada circunscrición electoral dos que teñan licenza en vigor expedida pola F.G.B. no momento da convocatoria de eleccións, e que a tivesen tamén, cando menos durante a tempada anterior, sempre que participasen en competicións ou actividades de carácter oficial organizadas pola F.G.B. ou pola Federación Española de Baloncesto.

Artigo 53º.- Os representantes dos técnicos-adestradores e do Colectivo Arbitral na Asemblea Xeral, serán elixidos entre os maiores de 18 anos, por e entre os pertencentes a cada estamento calquera que sexa a súa categoría, de entre os que teñan licenza en vigor no momento da convocatoria de eleccións, e que tamén a tivesen, como mínimo, na tempada deportiva inmediatamente anterior, nas mesmas condicións que as establecidas nos dous artigos anteriores.

Artigo 54º.-No tocante ao colectivo arbitral, as licenzas poderán ser indistintamente de árbitro, oficial de mesa ou técnico arbitral, tanto no momento da convocatoria de eleccións como na tempada deportiva anterior, aínda que en ambas non coincidise o tipo de licenza.

Artigo 55º.- As vacantes que se produzan na Asemblea Xeral antes das seguintes eleccións xerais a esta serán cubertas, dentro de cada estamento e de forma sucesiva, polos candidatos que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultaron electos e, a falta destes, mediante a realización de eleccións parciais, sempre que, neste último caso, as vacantes superen o 20% dos membros da Asemblea.

Os elixidos para ocupar as vacantes a que se refire o apartado anterior exercerán o seu mandato polo tempo que falte para a realización das seguintes eleccións xerais.

Artigo 56º.- Os membros da Asemblea Xeral cesarán polas seguintes causas:

- a) Defunción.
- b) Disolución do Club ou entidade á que representen.
- c) Expiración do mandato para o que foron elixidos.
- d) Renuncia ou dimisión.
- e) Estar incurso en causa de inexibilidade ou incompatibilidade legal ou estatutaria.
- f) Sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique o cesamento no cargo que exerce.
- g) Perda dos requisitos polos que foron elixidos no seu respectivo estamento.
- h) Incapacidade ou inhabilitación absoluta ou especial declarada en sentenza xudicial firme.
- i) Establecer a residencia fóra da Comunidade Autónoma.
- j) No caso de cese por sanción disciplinaria, o cese durará o mesmo ca sanción.

RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DA ASEMBLEA XERAL

Artigo 57º.- Ás reunións da Asemblea Xeral poderán asistir, pola súa consideración, con voz pero sen dereito a voto, o resto dos membros dos órganos complementarios, técnicos e asesores, previa autorización do Presidente ou acreditación do órgano competente.

Artigo 58º.- Competencias: a Asemblea Xeral, como órgano máximo de goberno e representación da F.G.B., pode adoptar calquera acordo ou decisión sobre esta, con sometemento ás regras de competencia e procedemento. Especialmente son competencias da Asemblea Xeral as seguintes:

- a) Modificar os presentes Estatutos e aprobar os regulamentos que sexan necesarios para o desenvolvemento e a organización da Federación.
- b) Elixir, mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, o Presidente e a Comisión Delegada da F.G.B., así como o cesamento e a moción de censura do Presidente.
- c) Aprobar o balance, as contas, orzamentos e memorias que teñen que formalizarse seguindo as disposicións vixentes.
- d) Resolver as propostas que, en forma, sexan presentadas á Asemblea.

- e) Aprobar os programas e calendarios deportivos anuais que ten que desenvolver a F.G.B. así como as bases e regulamentos que rexerán as competicións.
- f) Ratificar o regulamento de eleccións á Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da F.G.B.
- g) Aprobación do Regulamento de disciplina deportiva.
- h) Disolver a F.G.B. ou fusionala con outra.
- i) Establecer a remuneración ou compensación económica para a Comisión Delegada, o Presidente e outros membros da Xunta Directiva
- j) Fixar o réxime de incompatibilidades do Presidente ou dos membros da Xunta Directiva.
- k) Modificar o domicilio social no suposto de cambio de circunscrición.
- l) Ratificar as operacións económicas previa autorización do órgano Administrativo correspondente, en relación con aquelas operacións económicas que comprometan gastos de carácter plurianual cando a natureza do gasto, ou a porcentaxe deste en relación con seu orzamento, vulneren os criterios que regulamentariamente se determinen.
- m) Outorgar concesión de explotación ou franquicias sobre calesquera dos elementos relacionados coa actividade do deporte do baloncesto galego, así como a fixación do Canon.
- n) Someter ó Organismo da Xunta de Galicia con competencias no ámbito deportivo as cuestións de réxime económico e documental reguladas nos artigos 116 e seguintes e 127 e seguintes deste Estatuto.
- o) Calquera outra competencia da F.G.B. que non estea expresamente atribuída polos presentes Estatutos a outro órgano.

Artigo 59º.- As reunións da Asemblea Xeral axustaranse ao seguinte réxime:

a) A Asemblea Xeral reunirase unha vez o ano, necesariamente antes de comezar a nova temporada deportiva, en sesión ordinaria para os fins da súa competencia e, como mínimo para a aprobación do novo orzamento e liquidación do anterior, aprobación do calendario deportivo e das bases e regulamentos que rexerán a competición, e para a aprobación da memoria de actividades anuais.

A Asemblea Xeral será convocada polo presidente da Federación Galega por iniciativa propia ou a instancia razoada da cuarta parte dos seus membros cun mínimo, de 20 días naturais de antelación á data da súa realización, no taboleiro de novas da F.G.B., así como nas delegacións zonais e, (de ser o caso, delegacións comarcais) deberá incluír necesariamente os puntos do orde do día que se van tratar. En todo caso, notificarase individualmente a cada un dos membros da Asemblea por calquera método que permita ter constancia da data da súa

recepción, cunha antelación mínima de 48 horas; a notificación efectuarase aos enderezos que consten na F.G.B. 20 días antes da data de convocatoria.

Os defectos formais na convocatoria non darán lugar á nulidade da Asemblea sempre e cando os membros desta recibisen a convocatoria coa orde do día no prazo establecido.

En todo caso, a Asemblea será válida, sen necesidade de ningún outro requisito, sempre e cando concorran a ela a totalidade dos seus membros.

b) As demais reunións da Asemblea Xeral terán carácter extraordinario e serán convocadas polo Presidente, ou a proposta de cando menos o 25% de membros da Asemblea, cos mesmos requisitos previstos para a Asemblea ordinaria. Logo de presentar a solicitude de convocatoria por un número de membros suficiente, o Presidente deberá convocala necesariamente no prazo dos dez días naturais seguintes. Dende a convocatoria ata a data de realización da Asemblea non poderán transcorrer máis de 20 días naturais. Na solicitude deberán indicarse os puntos que compoñerán a orde do día. A convocatoria non poderá conter ningún outro punto distinto aos da solicitude.

c) A Asemblea quedará validamente constituída cando concorran na primeira convocatoria a metade máis un dos seus membros, ou na segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, calquera que sexa o número de membros asistentes.

d) A Asemblea Xeral será presidida polo Presidente da F.G.B. ou quen o substitúa, e actuará como secretario o que o sexa da F.G.B. Os acordos adoptaranse por maioría simple. No caso de empate, será decisorio o voto do Presidente.

Para os efectos de cómputo de quórum e maiorías, cando estes se conformen cun número inexacto de Asembleístas, computaranse sempre por exceso e con referencia ao número de aqueles efectivamente existentes como membros da Asemblea, descontadas as vacantes.

Artigo 60º.- Non obstante o anteriormente exposto, precisarase da maioría cualificada de dous terzos dos membros da Asemblea Xeral para:

- a) Aprobar a modificación dos presentes Estatutos.
- b) Aprobar a moción de censura ao Presidente.
- c) Ratificar a compra ou alleamento de bens inmoables ou operacións económicas que supoñan máis dun 25% do orzamento anual da F.G.B. Aínda que en ningún caso poderá comprometerse de modo irreversible o patrimonio da F.G.B.
- d) Acordar a disolución ou fusión da F.G.B.

- e) Modificar o domicilio social, salvo que sexa dentro do mesmo termo municipal no que bastará co acordo da Xunta Directiva.

Artigo 61º.- Non será admisible de ningún modo para a formación de vontade dos órganos colexiados da F.G.B. nin para o establecemento do seu quórum, o voto por correo nin a delegación do voto; polo tanto, será necesaria a presenza física dos seus membros. Exceptúanse as eleccións dos membros da Asemblea Xeral, se así se aprobase no regulamento electoral.

Artigo 62º.- As votacións no seo da Asemblea realizaranse na forma e orde que estableza a presidencia e será esta a que decidirá se serán ordinarias, nominais ou secretas. Se cando menos o 25% dos asistentes solicita unha modalidade determinada, a forma de votación decidírase por maioría simple dos membros da Asemblea Xeral.

Artigo 63º.- Das sesións da Asemblea Xeral levantarase Acta de todos os acordos adoptados, especificándose o nome das persoas intervincentes e demais circunstancias que se consideren oportunas: contido dos acordos adoptados, resultados das votacións e, de ser o caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado.

A acta remitirase a todo os seus membros nun prazo de trinta días, a partir dos cales comezará a contar o prazo de impugnación. Se transcorridos trinta días dende a súa remisión non foi impugnada, considerarase aprobada.

A Acta poderá ser aprobada o finalizar a sesión da Asemblea, sen prexuízo de que se remita posteriormente os membros da mesma.

A impugnación da Acta non suspenderá a eficacia dos acordos adoptados.

Os votos contrarios ao acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán a quen os emita de calquera responsabilidade derivada de tales acordos.

Os acordos da Asemblea Xeral poderán ser impugnados polos interesados ante os organismos competentes, segundo o disposto neste Estatuto.

Artigo 64º.- Os acordos da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada serán vinculantes e de obrigado cumprimento para a totalidade de órganos, persoas e entidades que integran a F.G.B., e terán forza executiva a partir da data de adopción.

PRESIDENTE

Artigo 65º.- O Presidente da F.G.B. é o órgano executivo desta. Posúe a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación e executa os seus acordos. Outorga os poderes de representación e administración que sexan precisos e exerce a dirección superior da administración federativa.

Artigo 66º.- Son outras funcións do Presidente da F.G.B.:

- a) Autorizar os pagos de F.G.B.
- b) Contratar o persoal técnico e administrativo que precise
- c) Nomear ou ostentar a Xerencia Xeral da F.G.B.
- d) Calquera outras funcións inherentes a súa condición de Presidente que non estean expresamente atribuídas a Asemblea Xeral ou a Comisión Delegada

Artigo 67º.- Para poder ser candidato a Presidente da F.G.B. deberán reunirse os seguintes requisitos:

1. Ter a condición de cidadán de Galicia, segundo o disposto en cada momento polo Estatuto de autonomía de Galicia.
2. Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
3. Non estar incurso en ningunha sanción deportiva inhabilitante, ditada polos órganos disciplinarios da F.G.B. ou polo Comité Galego de Disciplina Deportiva.
4. Non ter sido condenado mediante sentenza xudicial firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de cargos públicos.

Artigo 68º.- Unha vez constituída a Asemblea Xeral, esta será convocada para a elección do presidente da F.G.B.

O Presidente será elixido por un período de catro anos, coincidindo con anos nos que se leven a cabo xogos olímpicos de inverno, pola Asemblea Xeral, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto por todos os membros da devandita Asemblea Xeral, tras a presentación e aceptación previas das candidaturas correspondentes.

O Presidente saínte da F.G.B., será membro da nova asemblea xeral, esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura a presidencia ou de téndoa presentado non resultar elixido.

Artigo 69º.- Será elixido Presidente o candidato que obteña a maioría absoluta dos votos emitidos. No caso de que ningún candidato acade esa maioría, procederase a unha segunda votación entre os dous candidatos máis votados e resultará elixido o que obteña a maioría de votos.

No suposto de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación, e o Organismo da Xunta con competencias no ámbito deportivo proclamará Presidente ao único candidato.

Artigo 70º.- A votación será libre, igual, secreta e directa e non se admitirá o voto por correo, nin por delegación de persoas físicas.

Artigo 71º.- No caso de que, excepcionalmente, fiquese vacante a Presidencia antes de que transcorra o prazo para o que foi elixido, considerarase dimisionaria toda a Xunta Directiva, polo que se constituirá a Comisión Delegada en Comisión Xestora, presidida pola membro de maior idade. Convocará a Asemblea Xeral e esta acordará unha nova elección de presidente para cubrir a vacante polo tempo que falte ata a terminación do prazo correspondente ao mandamento ordinario.

Artigo 72º.- O desempeño do cargo de Presidente será incompatible coas seguintes actividades:

- a) Ocupación de cargos directivos noutras federacións deportivas; exceptúase a Federación Española da mesma modalidade deportiva.
- b) Desenvolvemento de actividades ou desempeño de cargos en clubs ou entidades deportivas integradas na F.G.B.
- c) A persoa que resulte elixida como presidente da F.G.B. deberá cesar en todo tipo de actividades directas no deporte do baloncesto e no ámbito territorial da Federación.

Non existirá incompatibilidade, en ningún caso, coa práctica activa do baloncesto.

Artigo 73º.- O cargo de Presidente poderá ser remunerado ou compensado economicamente, segundo acordo da Asemblea Xeral, fixando esta a contía da remuneración, que en ningún caso poderá ser satisfeita con cargo a subvencións públicas e constará de xeito diferenciado no orzamento xeral.

Artigo 74º.- O Presidente cesará por:

- a) Transcurso do mandato para o cal foi elixido.
- b) Dimisión.

- c) Incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea xeral.
- e) Por incorrer nunha causa de inexibilidade ou incompatibilidade. Neste último caso dispoñerá dun prazo dun mes para cesar no posto que resulte incompatible co de Presidente.
- f) Por defunción.
- g) Por resolución xudicial.
- h) Por sanción disciplinaria firme de inhabilitación ou destitución.

Artigo 75º.- A moción de censura ao Presidente poderá ser presentada polos membros da Asemblea Xeral que constitúan cando menos un 25% desta, mediante un escrito presentado no rexistro xeral da F.G.B. Nesta petición deberán solicitar do Presidente a convocatoria dunha Asemblea Xeral extraordinaria coa antedita moción como único punto do orde do día; deberán propoñer asemade un candidato alternativo á presidencia.

Para a convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria seguirase o disposto no artigo 59 dos presentes Estatutos. A sesión da Asemblea Xeral na que se debata a moción de censura estará presidida polo membro de maior idade. Non será válido o voto por correo nin a asistencia por representación. Dada a existencia da maioría cualificada no art. 60, de non acadarse un quórum de dos dous terzos, a moción de censura entenderase automaticamente rexeitar.

Se a moción de censura non prosperase, non poderá presentarse outra nova ata que transcorra un ano dende a súa presentación.

Artigo 76º.- No caso de presentación simultánea de máis dunha moción de censura, debateranse todas na mesma sesión da Asemblea. A aprobación de calquera delas precisará do número de votos establecido no artigo anterior.

A aprobación da moción de censura ou o rexeite da cuestión de confianza causará o cese, xunto co Presidente, de todo os membros da Xunta Directiva.

Artigo 77º.- No caso de ausencia, vacante, enfermidade o calquera outra causa que impida ó Presidente o exercicio das súas funcións por un período inferior a seis meses, substituirao o vicepresidente ou vicepresidentes. Transcorrido dito prazo o Vicepresidente ou Vicepresidentes convocaran a Asemblea Extraordinaria para a elección do Presidente.

Artigo 78º.- A persoa que teña ostentado a Presidencia da Federación Galega de Baloncesto poderá ser designada Presidente de Honra, nomeada pola Asemblea Xeral da F.G.B., previo acordo da Comisión Delegada.

O Presidente de Honra realizará as funcións, normalmente de carácter representativo, que lle sexan encomendadas polo Presidente da F.G.B. Ademais

poderá asumir a “Presidencia de Honra” dos diferentes órganos colexiados que se estimen pertinentes.

CAPÍTULO III

ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN.

COMISIÓN DELEGADA

Artigo 79º.- No seo da Asemblea Xeral poderá constituírse unha Comisión Delegada.

A Comisión Delegada será elixida pola Asemblea Xeral na primeira reunión que se realice despois da súa constitución, mediante o sufraxio entre os membros desta, o seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral.

O Presidente da Federación convocará a Comisión Delegada, que se reunirá como mínimo cada catro meses para os fins das súas competencias e, cando menos, para realizar o seguimento da xestión deportiva e económica da Federación.

Poderanse celebrar reunións da Comisión Delegada mediante o uso de medios telemáticos que faciliten o seguimento e a xustificación fidedigna dos acordos da mesma, ou calquera outro sistema telemático que permita a realización destas reunións.

Son competencias da Comisión Delegada as seguintes:

- a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.
- b) A modificación dos calendarios deportivos.
- c) A modificación dos regulamentos.
- d) O seguimento da xestión económica e deportiva da Federación.

As modificacións non poderán exceder os límites e criterios que a propia Asemblea Xeral estableza. A proposta dos temas que se vaian tratar na comisión correspóndelle exclusivamente ao Presidente ou aos dous terzos dos seus integrantes.

Artigo 80º.- Os membros da Comisión Delegada serán elixidos por e entre os integrantes da Asemblea Xeral unha vez constituída e convocada para este fin. A votación será libre, igual, secreta e directa, e non se admitirá o voto por correo nin por delegación.

O número de membros será o 15% dos da Asemblea Xeral, e non poderá ser inferior a 5 nin superior a 9.

Serán elixidos membros da Comisión Delegada aqueles que obtiveran maior número de votos ata cubrir o número de membros correspondentes á Comisión Delegada.

Artigo 81º.- As causas de cesamento dos membros da Comisión Delegada, rexeranse polo disposto no artigo 56 deste Estatuto.

CAPÍTULO IV

ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS

Artigo 82º.- Son órganos complementarios integrados na estrutura orgánica da F.G.B co a finalidade de asistir ao Presidente:

- I.- Xunta Directiva.
- II.- Comités de Áreas.

XUNTA DIRECTIVA

Artigo 83º.- A Xunta Directiva é o órgano colexiado a quen lle corresponde a xestión e administración da F.G.B., así como a execución e cumprimento dos Acordos da Asemblea. O número de membros non poderá ser inferior a 5 nin superior a 15. O cesamento dos membros da Xunta Directiva rexerase segundo o establecido no artigo 92.

O Presidente elixirá entre os membros da súa Xunta Directiva un mínimo dun vicepresidente, que o serán tamén da Federación, os cales substituirán o presidente por delegación, imposibilidade física ou ausencia temporal; un Secretario, que a súa vez serao tamén da Federación, así como un Tesoureiro.

Os membros da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea Xeral, terán acceso a esta, con voz pero sen voto.

Artigo 84º.- Para ser membro da Xunta Directiva non será preciso formar parte da Asemblea Xeral.

Artigo 85º.- A Xunta Directiva, como órgano colaborador do Presidente, non terá competencias propias e exercerá por delegación aquelas que lle encomende o Presidente, as cales poderá revocar en calquera momento.

Os asuntos ordinarios de trámite serán despachados polo Presidente e polo Secretario.

COMITÉS DE ÁREAS

Artigo 86º.- A F.G.B. poderá crear Comités Técnicos para o mellor cumprimento das diversas actividades federativas, o seguimento e control dos Comités será coordinado polo Presidente da FGB, quen establecerá en función das necesidades puntuais o réxime o que deban acollerse estes.

CAPÍTULO V

ÓRGANOS ADMINSTRATIVOS DE ASISTENCIA AO PRESIDENTE

Artigo 87º.- O Presidente da Federación nomeará e cesará o Secretario Xeral, o cal dacordo coa normativa vixente, exercerá as funcións de fedatario e asesor e, máis especificamente:

- a) Redactará e custodiará as actas das sesións dos órganos de goberno e representación da Federación, con indicación de asistentes, temas tratados, resultado das votacións e, de ser o caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado.
- b) Será o encargado de custodiar os arquivos da F.G.B.
- c) Realizará o control e fiscalización interna da xestión económico-financiera e orzamentaria, así como a de contabilidade e tesouraría, no caso de non existir a figura do tesoureiro/a.
- d) Expedir as certificacións oportunas das Actas dos órganos de goberno e representación.
- e) Remitirle ó Organismo da Xunta con competencias no ámbito deportivo as actas da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada no prazo de 15 días dende a data da celebración, así como as convocatorias destas.
- f) Proporcionaralles toda a información necesaria aos órganos de goberno e representación da Federación para o bo desenvolvemento das súas misións. Preparará a memoria anual das actividades realizadas e levará os

libros de actas, o rexistro de entradas e saídas e o rexistro de clubs e entidades afiliadas.

g) Cantas outras funcións lle podan ser encomendadas polos estatutos e regulamentos da Federación e lle sexan delegadas polo presidente.

h) A organización administrativa.

i) Velar polo cumprimento dos acordos adoptados polos órganos de goberno

Artigo 88º.- O Presidente da F.G.B. poderá nomear, e no seu caso cesar, un Tesoureiro que exercerá, no seu caso, as funcións seguintes:

a) Levar e controlar a contabilidade da Federación así como os libros contables, segundo a lexislación vixente.

b) Regulamentar o aspecto económico e realizar a inspección económica de todos os órganos da Federación.

c) Propor a adquisición dos bens necesarios.

d) Informar da situación dos asuntos pendentes e propor as medidas que considere necesarias.

e) Confeccionar o balance de contas e orzamentos anuais para a súa presentación na Asemblea Xeral.

f) Elaborar e presentar informes á Comisión Delegada sobre o estado contable da Federación.

g) Supervisar os pagamentos e toda clase de documentos bancarios.

Artigo 89º.- Os Directivos da F.G.B. teñen os seguintes dereitos:

a) Recibir da F.G.B. información permanente e asesoramento técnico.

b) Dispoñer dun seguro a través da F.G.B., de accidentes e responsabilidade civil derivados do exercicio da súa actividade na F.G.B.

c) Realizar as súas actividades nas debidas condicións de dignidade, saúde e seguridade.

d) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de directivo da F.G.B.

e) Dispoñer da información e documentación precisa para a súa participación nos órganos directivos da F.G.B.

f) Recibir os medios materiais necesarios para o desempeño das súas funcións.

g) Calquera outros previstos nas normas da Federación.

Artigo 90º.- Os Directivos da F.G.B., así coma os órganos de dirección que se poidan estatuariamente establecer, serán persoalmente responsables fronte á propia federación, os seus membros ou terceiros das obrigas que contraese a

federación e que non teñan, ou tivesen, o adecuado apoio contable, non figuren nas contas presentadas e aprobadas, ou sexan obxecto dunha contabilización que non reflecta

a natureza e o alcance da obriga en cuestión, distorsionando a imaxe fiel que debe producir aquela.

Responde, así mesmo, das obrigas que contrae contra a prohibición expresa doutros órganos federativos competentes ou da Administración autonómica, así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado ou fóra dos límites da autorización.

A responsabilidade poderase exixir no caso de existencia de dolo ou culpa na actuación dos suxeitos responsables. En todo caso, quedarán exentos de responsabilidade aqueles que votasen en contra do acordo ou non tivesen intervido na súa adopción ou execución, ou o descoñecesen ou, coñecéndoo, se opuxesen expresamente a aquel.

En todo caso, os Directivos da F. G. B están obrigados:

- a) Gardar, cando proceda, confidencialidade da información a que teñan acceso por razón do seu cargo aínda unha vez cesados.
- b) Actuar coa debida dilixencia e sempre de acordo ós fins da F.G.B.
- c) Respetar e coidar os medios materiais a súa disposición.
- d) Cumprir cos compromisos adquiridos ca F.G.B.
- e) Participar nas actividades formativas que se organicen para o dilixente cumprimento das súas funcións.
- f) Continuar no exercicio das súas funcións ate a toma de posesión dos seus sucesores, e facilitarlles toda a información e documentación necesaria.
- g) Acatar os acordos e resolucións adoptados polos órganos competentes.
- h) Absterse de asistir e intervir nas deliberacións que afecten a asuntos nos que teñan interese persoal, por vinculación afectiva ou profesional.
- i) Asistir as reunións dos órganos dos que formen parte e participar activamente nos mesmos.
- j) Cumprir co código ético que, no seu caso, sexa aprobado pola F.G.B.
- k) Calquera outras previstas nas normas estatutarias ou regulamentarias da F.G.B

Artigo 91º.- O persoal directivo ten prohibido:

- a) Percibir indemnizacións tralo cese ou dimisión no cargo.
- b) Percibir comisións ou beneficios análogos de terceiras persoas ou entidades pola contratación de bens e servizos pola entidade deportiva.
- c) Facer uso do patrimonio da F.G.B. ou valerse da súa posición na mesma para obter unha vantaxe patrimonial.

Artigo 92º.- Os membros da Xunta Directiva cesarán polas seguintes causas:

- a) Vacancia na presidencia da Federación, sen prexuízo da súa conversión en Comisión Xestora nos casos previstos nos estatutos.
- b) Dimisión.
- c) Cesados directamente polo Presidente da F.G.B.

CAPÍTULO VI

ÓRGANOS TÉCNICOS DEPORTIVOS

COMITÉS EN XERAL

Artigo 93º.- A F.G.B. poderá crear, cantos Comités Técnicos precise, ademais dos seguintes:

- a) Comité de Árbitros.
- b) Comité de Actividades.
- c) Comité Técnico.

Os Directores dos Comités serán nomeados e cesados polo Presidente da F.G.B. O Secretario Xeral intervirá como Secretario de todos os Comités, sen voz e sen voto, agás que fose membro deles.

Os Comités hanse rexer polos seus respectivos regulamentos internos e, de ser o caso, pola normativa nacional unificada e emanada da Federación Galega de Baloncesto, pola lexislación aplicable e polo disposto nos presentes Estatutos.

COMITÉ DE ÁRBITROS

Artigo 94º.- O Comité Galego de Árbitros, é o órgano técnico subordinado á disciplina da F.G.B. que ten como funcións coidar da captación, ensino e organización dos árbitros, oficiais de mesa e técnicos arbitrais no ámbito galego, así como a execución, desenvolvemento e asesoramento á F.G.B. nas funcións e competencias na área arbitral.

O Comité Galego de Árbitros adoptará a estrutura territorial da F.G.B.

Artigo 95º.- Serán funcións deste Comité:

- a) Establecer os niveis de formación arbitral.
- b) Clasificar tecnicamente os árbitros e os oficiais de mesa, en función de criterios prefixados polo citado Comité, comunicándolle á Xunta Directiva a adscrición ás categorías correspondentes.
- c) Propor os candidatos aos árbitros de categorías da F.G.B. e F.E.B.
- d) Proporlle á Xunta Directiva as normas administrativas que regulan a arbitrase.
- e) Designar os colexiados nas competicións oficiais.
- f) Colaborar cos órganos competentes da Federación.
- g) Exercer a inspección e control das funcións arbitrais de ámbito territorial.

Artigo 96º.- Para efectos funcionais, o Comité Galego de Árbitros de Baloncesto estará vinculado ao Comité Técnico de Árbitros da Federación Española de Baloncesto, co fin de ter unha estreita unidade orientativa ao servizo da arbitrase.

Artigo 97º.- Estará integrado por un Directór Técnico e un Secretario, os cales serán nomeados e cesados polo Presidente da F.G.B., e non poderá exercer funcións en activo de adestrador, xogador, directivo ou delegado de club, nin periodista deste deporte.

COMITÉ DE ACTIVIDADES

Artigo 98º.- O Comité de Actividades terá ao seu cargo o estudo, a organización, a supervisión, a dirección e o control das competicións.

COMITÉ TÉCNICO

Artigo 99º.- O Comité Técnico terá como función fundamental a planificación, a confección, o desenvolvemento dos programas relacionados co baloncesto, coas escolas de xogadores, cos adestradores e cos árbitros, así como aquelas cuestións técnicas que sexan necesarias, como os clinics, cursos superiores, concentracións, perfeccionamento de xogadores, adestradores e árbitros e todas as demais cuestións técnicas que sexan necesarias. O Presidente da F.G.B. poderá nomear un director técnico deste comité, que poderá ser un cargo retribuído e estará ás ordes directas do Presidente.

CAPÍTULO VII

XURISDICIÓN. ÓRGANOS DISCIPLINARIOS.

NORMAS XERAIS

Artigo 100º.- Os órganos disciplinarios da F.G.B. son o Comité de Competición e o Comité de Apelación. Estes órganos gozarán de independencia respecto dos restantes órganos federativos.

O nomeamento e cese efectuarao o Presidente da F.G.B. debendo ser ratificados póla primeira Asemblea Xeral que se celebre. E deberán ser licenciados en Dereito.

A súa actuación deberá ser independente, sendo incompatible co desenvolvemento de cargos directivos da Federación. Tampouco poderá coincidir nunha mesma persoa a calidade de membros de ámbolos comités.

Artigo 101º.- O réxime disciplinario da F.G.B. desenrolase conforme establecen os principios xerais do dereito sancionador e que con carácter xeral atópase regulado na Lei 3/2012 de 2 de abril, do Deporte de Galicia e normas de desenvolvemento, así como nos presentes Estatutos.

Artigo 102º.- O ámbito da potestade disciplinaria esténdese as infraccións das regras do xogo ou competición e as normas xerais deportivas tipificadas na Lei 3/2012, 2 de abril do deporte de Galicia, na súa normativa de desenrolo e nos presentes Estatutos.

Artigo 103º.- A F.G.B. exerce a potestade disciplinaria sobre todas as persoas que forman parte da súa estrutura orgánica; sobre os clubs, xogadores, adestradores, árbitros, directivos e administradores e en xeral sobre todas aquelas persoas e entidades que estando federadas desenvolvan a actividade deportiva correspondente no ámbito da Comunidade Galega.

COMITÉ DE COMPETICIÓN

Artigo 104º.- O Comité Galego de Competición estará integrado por un Xuíz Único que será auxiliado por un secretario pertencente á Secretaría da Federación Galega. O Xuíz Único será o encargado de coñecer e resolver os casos, segundo as súas competencias, que son as seguintes:

Resolver en primeira instancia:

- a) As reclamacións e incidencias que teñan lugar con motivo das competicións de carácter galego ou das fases clasificatorias para acceso ás fases finais nacionais das distintas categorías.
- b) Os litixios que se susciten entre xogadores e clubs con motivo da subscripción e expedición de licenzas, cando se refiran ás categorías territoriais galegas que, de ser o caso, consideraranse como materia disciplinaria cando se aprecie inobservancia das normas, o cal será obxecto da sanción correspondente.

COMITÉ GALEGO DE APELACIÓN

Artigo 105º.- O Comité Galego de Apelación da F.G.B. estará integrado por un Xuíz Único, que será auxiliado por un secretario pertencente á Secretaría da Federación Galega. O Xuíz Único será o encargado de coñecer e resolver os casos que se lle presenten, segundo a súa competencia.

Artigo 106º.- É competencia do Comité de Apelación o coñecemento e resolución de todos os recursos interpostos contra as resolucións ditadas polo Comité Galego de Competición.

Artigo 107º.- Regulamentariamente, e no ámbito das súas competencias, a F.G.B. desenvolverá o réxime disciplinario, definindo as faltas e sancións e establecendo o procedemento que se deberá seguir en cada caso, de conformidade coa legalidade vixente na materia. Constituirá falta, que se sancionará de acordo co réxime disciplinario vixente, toda infracción das normas contidas nos presentes Estatutos, no Regulamento Xeral e en calquera disposición da carácter deportivo que o sinale.

Artigo 108º.- As resolucións ditadas polo Comité de Apelación da F.G.B. coas resolucións adoptadas polo Comité Galego de Competición poderán ser recorridas no prazo de 15 días hábiles, a partir da súa notificación, ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva da Xunta de Galicia, de acordo en cada caso coa normativa vixente.

TÍTULO III

RÉXIME ELECTORAL XERAL

CAPÍTULO I

OS CENSOS

Artigo 109º.- Compoñerán os censos correspondentes a cada estamento electoral todos os membros da F.G.B. que reúnan os requisitos establecidos para cada estamento nos presentes Estatutos e no Regulamento Electoral.

CAPÍTULO II

REGULAMENTO ELECTORAL

Artigo 110º.- Os procesos electorais desenvolveranse consonte o Regulamento Electoral, que deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral a proposta do Presidente, previamente aprobado polo Órgano competente da Administración autonómica, adaptaráse o preceptuado na Orde do 8 de setembro de 2010 o Norma que a derogue no seu caso, e regulará as seguintes cuestións:

- a) Número de membros da Asemblea Xeral, con un número máximo de 60 membros.
- b) Calendario electoral.
- c) Censo electoral.
- d) Composición, competencias e funcionamento da Xunta Electoral.
- e) Requisitos para presentación e proclamación de candidatos. O termo para a presentación de candidatos a Presidente e a membros da Asemblea Xeral non poderá ser inferior a dez días.
- f) Procedemento de resolución de conflitos, impugnacións e reclamacións, así como de recursos electorais.
- g) Composición, competencia, funcionamento e localización das mesas electorais.
- h) Elección de Presidente.
- i) Elección da Comisión Delegada.

O Regulamento Electoral deberá ser aprobado previamente polo Organismo da Xunta con competencia no ámbito deportivo.

CAPÍTULO III

A COMISIÓN XESTORA

Artigo 111º.- Unha vez acordada a convocatoria de eleccións pola Asemblea Xeral e unha vez aprobado o Regulamento Electoral, o Presidente procederá, no prazo sinalado neste, á convocatoria de eleccións á Asemblea Xeral. A partir deste intre, a Xunta Directiva e o Presidente constituiranse en Comisión Xestora, e remitirán o Regulamento Electoral a o Organismo da Xunta con competencia no ámbito deportivo para a aprobación por parte deste.

A Comisión Xestora garantirá a máxima difusión e publicidade das convocatorias de eleccións á Asemblea Xeral e a Presidente, así como do Regulamento Electoral coas medidas previstas nas disposicións federativas a través dun medio que permita asegurar a recepción da devandita notificación.

O Regulamento Electoral deberá ser exposto en cada circunscrición electoral o mesmo día da convocatoria.

A Comisión Xestora administrará a F.G.B. e convocará e realizará novas eleccións no prazo máximo de tres meses no caso de que non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas.

CAPÍTULO IV

CIRCUNSCRICIÓNS ELECTORAIS

Artigo 112º.- Nos estamentos de clubs e deportistas haberá tantas circunscricións electorais como provincias con idéntico ámbito xeográfico.

Nos restantes estamentos a circunscrición será única con ámbito de todo o territorio da F.G.B.

O número de membros elixibles por cada circunscrición será o que determine o Regulamento Electoral.

CAPÍTULO V

XUNTA ELECTORAL

Artigo 113º.- 1. De forma simultánea a convocatoria de eleccións, constituirase unha Xunta Electoral por Federación, de acordo cos criterios e competencias atribuídas no Regulamento electoral.

2.- A Xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na Asemblea Xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da Xunta Electoral. As candidaturas deberán presentarse na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma.

Os membros da Xunta Electoral deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 18 anos.
- b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
- c) Non presentarse como candidato a membro da Asemblea Xeral.
- d) Non ter relación contractual ou profesional coa F.G.B.
- e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia do deporte que teña aparellada sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.

3.- En caso de non presentación de candidatos a membros da Xunta Electoral, o Presidente da F.G.B. propondrá na Asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán, así mesmo, reunir os requisitos anteriormente indicados.

4.- Actuará como presidente e secretario da Xunta Electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións adoptaranse por maioría de votos. A asistencia a Xunta Electoral é obrigatoria salvo causa xustificada.

5.- Funcións da Xunta Electoral:

- a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
- b) Organizar os procesos das eleccións para a Asemblea Xeral e Presidente da F.G.B. segundo o disposto no Regulamento Electoral.
- c) Nomear as mesas electorais de acordo co previsto no Regulamento Electoral.
- d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así coma o resto da documentación electoral.
- e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos segundo o establecido no Regulamento Electoral.
- f) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
- g) Custodiar a totalidade da documentación relativa a todo o proceso electoral.

h) En xeral cantas facultades lle sexan atribuídas polo regulamento electoral.

O Regulamento Electoral poderá fixar indemnizacións co obxecto de sufragar os posibles gastos ocasionados.

CAPÍTULO VI

MESAS ELECTORAIS

Artigo 114º.- Para a elección dos distintos estamentos da Asemblea Xeral, do Presidente e da Comisión Delegada, constituirase unha ou varias mesas electorais, de acordo co establecido no Regulamento Electoral. Os membros destas mesas non poderán ser candidatos e axustaranse no seu funcionamento ás normas que se establezan no Regulamento Electoral.

CAPÍTULO VII

RECURSOS

Artigo 115º.- As reclamacións e impugnacións que se presenten contra calquera acto electoral dirixiranse á Xunta Electoral e, contra o que esta resolva caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Así mesmo, caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva contra todos os actos, acordos ou resolucións da Xunta Electoral ou de calquera outro órgano ou membro da Federación en materia electoral.

TÍTULO IV

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 116º.- A F.G.B. terá un réxime de administración, orzamento e patrimonio propio, e gozará de plena autonomía con sometemento ás prescricións legais vixentes.

Para o desenvolvemento da súa actividade poderán gravar e allear bens mobles e inmobles, tomar diñeiro en préstamo, sempre e cando os referidos actos non comprometan gravemente o patrimonio da entidade nin a actividade que constitúe o seu obxecto.

Poderán realizar actividades complementarias, non incompatibles co seu obxecto social, de carácter industrial, comercial, ou de servizos e destinar os seus bens ou recursos a estes obxectivos. Os ingresos netos obtidos por estas actividades serán utilizados para o cumprimento do obxecto social e non poderán ser repartidos directa ou indirectamente entre os seus membros.

O orzamento anual de ingresos e gastos realizarase de acordo co principio de caixa única.

O Tesoureiro someterá á Asemblea Xeral ordinaria un balance da situación e das contas de ingreso e gastos, unha memoria económica, así como o orzamento para a tempada seguinte. Balance e orzamento que deberán ser notificados o Organismo da Xunta con competencia no ámbito deportivo.

Agás autorización expresa do Organismo da Xunta con competencia no ámbito deportivo, non poderá aprobarse un orzamento deficitario.

Tampouco se poderá repartir beneficios entre os membros da F.G.B.

Artigo 117º.- A F.G.B. elaborará unha memoria na que analizará fielmente a súa actividade económica, a súa axeitada actuación orzamentaria, o cumprimento dos seus obxectivos e os proxectos que vai desenvolver, e informará separadamente dos seguintes aspectos:

1.- Diferenciación entre ingresos e achegas, segundo a seguinte desagregación:

- a) Subvencións públicas.
- b) Subvencións, donativos ou achegas privadas.
- c) Ventas de activos.
- d) Ingresos procedentes de competicións organizadas pola F.G.B.

- e) Ingresos por servizos prestados pola Federación, permisos, licenzas, sancións, multas, inscricións, afiliacións, fichas e outros que se establezan, tras a aprobación previa da Asemblea.
- f) Ingresos financeiros.

2.- Tamén constará o destino da totalidade de recursos, distinguindo como mínimo os seguintes grupos de custo ou investimentos:

- a) Administración da Federación.
- b) Dirección e servizos da directiva, incluíndo viaxes.
- c) Competicións.
- d) Axudas a clubs e entidades.
- e) Axudas para actos deportivos.
- f) Construcións e outros inmobles.
- g) Formación de deportistas e técnicos.
- h) Deportes de elite profesional.
- i) Árbitros.
- j) Órganos disciplinarios.
- k) Mantemento das delegacións.
- l) Remuneracións ou compensacións económicas.

3.- O importe das obrigas de pagamento que sexa necesario satisfacer noutros exercicios que non estean previstos no balance.

4.- O importe das garantías e os avais comprometidos.

5.- A liquidación do orzamento, que explique as variacións en relación co orzamento aprobado na Asemblea Xeral anterior.

Artigo 118º.- As contas anuais e os orzamentos deberán estar no domicilio social da F.G.B. cunha antelación mínima de 15 días á data de realización da Asemblea Xeral, a disposición das persoas, clubs ou entidades con dereito a voto nela, as cales poderán pedir unha copia que lles será entregada antes de ter lugar a asemblea.

Artigo 119º.- Constitúen os ingresos da F.G.B. os seguintes:

- a) As subvencións que poida recibir do Estado, Xunta de Galicia, Federación Española de Baloncesto, deputacións, concellos ou calquera outra entidade pública ou privada.
- b) Os ingresos obtidos por afiliacións, inscricións, fichas, licenzas, servizos e outros ingresos que se establezan, tras a aprobación previa dos órganos correspondentes.
- c) A participación que se poida fixar nos ingresos de toda orde que teñan as asociacións, agrupacións, clubs e resto de entidades, tras a aprobación previa da Asemblea Xeral.

- d) O importe das sancións e das multas que se produzan a consecuencia das competicións que a Federación organice, e con ocasión do exercicio da potestade disciplinaria.
- e) O beneficio que se obteña por calquera concepto e se produza en actos, encontros e competicións que se organicen.
- f) Os donativos, subvencións e outros ingresos que se deriven do exercicio da actividade propia da Federación.
- g) Os préstamos ou créditos que lle sexan concedidos.
- h) Os procedentes de calquera actividade legal que a título lucrativo ou por explotación ou arrendamento dos seus bens se produzan en favor da Federación. Estas actividades poderán ser desenvoltas por sociedades mercantís participadas pola F.G.B.
- i) Calquera outro recurso que poida adquirir por calquera medio válido en dereito.

Artigo 120º.- A totalidade dos ingresos e do patrimonio da F.G.B. deberá ser destinada á consecución dos fins propios do seu obxecto social e, en particular, á promoción e ao ensino do baloncesto.

Artigo 121º.- A F.G.B. pode gravar ou enaxenar os seus bens mobles e inmoables, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, sempre que ditos negocios xurídicos non comprometan o seu patrimonio ou obxecto social de modo irreversible.

Artigo 122º.- No caso de investimentos de carácter inmobiliario ou de gravamen requirirase ademais dun informe de viabilidade suscrito por profesional cualificado e independente, excepto as operacións de tesourería que se concerten con entidades bancarias ó amparo das subvencións públicas concedidas.

Artigo 123º.- Os recursos económicos da F.G.B. deberán estar depositados en entidades bancarias ou de aforro a nome da F.G.B.

Artigo 124º.- A contabilidade da F.G.B. axustarase ás normas de adaptación ó Plan Xeral de contabilidade das federacións deportivas.

Artigo 125º.- En consonancia co disposto no artigo 87 anterior, a xestión económica ordinaria da Federación correrá a cargo do Tesoureiro, baixo a dirección do Presidente, coidando das operacións de cobros e pagamentos. Autorizará coa súa sinatura, mancomunada coa do Presidente ou coa do Vicepresidente autorizado, todos os documentos de movementos de fondos. Será responsable da xestión e custodia dos libros contables. Formulará balances que, anualmente, deberán ser presentados á Asemblea Xeral para que sexan aprobados.

No suposto de ausencia do Tesoureiro, será o Presidente da F.G.B. o responsable do exercicio das funcións propias daquel, as cales poderá delegar na persoa que considere oportuno.

Artigo 126º.- O exercicio económico comeza o día 1 de xaneiro e remata o 31 de decembro.

TÍTULO V

RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 127º.- A F.G.B. levará como mínimo os seguintes libros, debidamente dilixenciados:

- a) Libro de rexistro de entrada e saída de documentos e comunicacións oficiais.
- b) Libro de rexistro de clubs, no que constará a súa denominación, o seu domicilio social, e o seu número de inscrición no Rexistro de Clubs, Federacións e Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.
- c) Libros de actas que consignarán as reunións que desenvolvan todos os órganos colexiados da Federación, tanto de goberno e representación como complementarios e técnicos.
- d) Libros de contabilidade.
- e) Libro de inventario de bens mobles e inmobles.
- f) Rexistro de membros da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada, no que deberán constar os nomes dos titulares ou representantes legais e os domicilios para citacións e comunicacións.
- g) Aqueles libros oficiais que por imperativo legal, de índole laboral, administrativo ou de calquera outra orde sexan obrigatorios para a Federación.

Artigo 128º.- En consonancia co previsto no artigo 87 o réxime documental da F.G.B. estará a cargo do secretario, a quen lle corresponde a custodia dos libros da Federación; redactar as actas das reunións dos órganos colexiados e, unha vez aprobadas, asinalas co visto e prace do Presidente; expedir certificacións; remitir as certificacións e acordos que procedan ao Organismo da Xunta con competencias no ámbito deportivo e, en xeral, preparar a resolución e despacho de todos os asuntos.

No caso de ausencia ou imposibilidade física do propio secretario, as súas funcións serán desempeñadas polo propio Presidente da F.G.B., ou pola persoa en quen este delegue.

Artigo 129º.- A F.G.B. someterá o seu réxime documental ás auditorías que foran establecidas por aplicación das disposicións legais.

Artigo 130º.- Calquera federado asembleísta poderá recabar información e examinar os libros federativos, agás os que conteñan datos relativos á intimidade das persoas. Para iso elevará escrito ó Presidente da F.G.B. especificando claramente que libro ou libros desexa examinar e o motivo da súa solicitude. O Presidente contestará ó interesado no prazo de 10 días, comunicándolle, no seu caso, o lugar, día e hora para facer efectivo o exame do libro ou libros solicitados.

O exame dos libros producirase sempre no domicilio social da Federación, e en presenza dun membro da Xunta Directiva ou dun empregado federativo.

Cando se trate de documentación relativa ó orden do día dunha Asemblea Xeral xa convocada, a solicitude deberase cursar antes dos dez días anteriores á súa celebración e a Federación deberá posibilitar a consulta cando menos con cinco días de antelación.

TÍTULO VI

DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DA DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO

Artigo 131º.- Os Estatutos da F.G.B. soamente poderán ser modificados pola Asemblea Xeral de acordo co establecido neles.

Artigo 132º.- A proposta de modificación dos Estatutos deberá ser acordada polo Presidente ou pola Comisión Delegada da F.G.B. e de seguido será nomeada pola mesma unha Comisión Técnica que realice os traballos necesarios para presentar ante a Asemblea os novos textos, totais ou parciais, que se someterán a aprobación.

Logo de que a Asemblea Xeral aprrobe a reforma de Estatutos, esta deberá ser ratificada polo Organismo da Xunta con competencias no ámbito deportivo.

Artigo 133º.- A F.G.B. extinguirase polas seguintes causas:

- a) Por resolución xudicial.
- b) Por revogación do seu recoñecemento e cancelación de inscrición polo Organismo da Xunta con competencias no ámbito deportivo.
- c) Por integración noutra federación deportiva autonómica.

- d) Por falta do exercicio das funcións públicas encomendadas.
- e) Pola paralización dos seus órganos federativos de modo que resulte imposible o seu funcionamento.
- f) Polas demais causas que determinen as leis.

Artigo 134º.- Unha vez disolta a Federación abrírase o período de liquidación, salvo nos casos de fusión ou suposto de cesión global do seu activo e pasivo.

Artigo 135º.- A F.G.B., unha vez disolta, conservará a súa personalidade xurídica namentres se atope en liquidación, engadindo á súa denominación a frase “en liquidación”.

Artigo 136º.- Dende o momento no que a F.G.B. se declare en liquidación cesará nas súas funcións a Xunta Directiva, asumindo os liquidadores as mesmas. Non obstante, os membros da Xunta Directiva deberán prestar o seu concurso para a realización efectiva das funcións de liquidación.

Artigo 137º.- O proceso da liquidación así como as funcións dos liquidadores desenvolverase regulamentariamente.

Artigo 138º.- Unha vez producida a liquidación, o patrimonio neto destinarase ós fins de carácter deportivo que determine o Organismo da Xunta con competencia no ámbito deportivo.

TÍTULO VII

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Artigo 139º.- O galego e o castelán constitúense nas linguas oficiais da F.G.B. As certificacións da Federación poderán emitirse en calquera das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

ÚNICA. En todo o previsto nos presentes Estatutos e mentres non se confeccionen os regulamentos e normas de carácter xeral que os desenvolvan, por analoxía seguirase o disposto no Estatuto da Federación Española de Baloncesto, pola Lei do Deporte de Galicia e polo Decreto 228/1994, do 14 de xullo, regulador das federacións deportivas galegas.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA E FINAL

Os presentes Estatutos, unha vez aprobados polo Órgano Administrativo competente e ratificados pola Asemblea Xeral da F.G.B., entrarán en vigor aos 30 días da súa publicación no DOGA, quedando derogada toda norma que se opoña aos mesmos.